



MEDIDAS DE HIXIENE EN ESTABLECEMENTOS MINORISTAS PREVENCIÓN COVID-19

PERSOAL DO ESTABLECEMENTO

Lavar ben as mans con auga e xabón cantas veces sexa necesario e telas sempre limpas

Non esberrar ou tusir enriba dos alimentos, facelo sempre usando panos desbotables

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca coas mans

Desinfección frecuente de superficies de traballo (mostradores, táboas de corte, caixas rexistradoras, carros, tiradores de portas, máquinas dispensadoras, caixóns etc)

Manter distancia mínima de 1,5 metros entre traballadores e clientes, se é posible colocando sinais ou barreiras

Non permitir a presenza no establecemento dun número maior de clientes daquel que permita respectar a distancia de seguridade

Realizar o cobro preferentemente por medio de tarxeta ou móbil

Desinfectar o TPV despois de cada uso

Ao finalizar a xornada deberanse limpar e desinfectar as superficies, máquinas dispensadoras, pomos de portas, mostradores, etc., e en xeral, calquera superficie que poidese ser tocada coas mans.

CLIENTES

Desinfectar as mans á entrada do establecemento se é posible

Usar as luvas postas a súa disposición para coller alimentos sen envasar (froitais, verduras etc.), logo retiralas axeitadamente e desbotalas no contedor de lixo

Evitar tocar os alimentos que non vaiamos adquirir

Non esberrar ou tusir enriba dos alimentos nin falar co móbil preto deles

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca durante a compra

Respectar distancia mínima de 1,5 metros co mostrador e cos traballadores e demais clientes

Colaborar para que se respecte o aforo recomendado polo establecemento


Pagar preferentemente con tarxeta ou móbil

Debe ser unha soa persoa quen realice a compra.


Procure facer unha compra á semana e facela con rapidez seguindo unha listaxe.

Lavar as mans ou desinfectalas o antes posible ao rematar a compra e ó chegar á casa


LAVADO DE MANS CON AUGA E XABÓN




1. Mollar ben as mans




2. Botar xabón




3. Fregar as palmas das mans entre si



4. Estender o xabón entre os dedos



5. Fregar as palmas das mans entre si cos dedos entrelazados




6. Fregar o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrándose os dedos



7. Fregar cun movementode rotación o polgar esquerdo atrapándoo coa man dereita, e viceversa



8. Fregar a punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movementode rotación, e viceversa



9. Aclarar as mans con auga



10. Secar con toallas de papel dun so uso

Duración do proceso: 40-60 segundos